

**1. Identificación da programación**
**Centro educativo**

Código	Centro	Concello	Ano académico
36011634	Politécnico de Vigo	Vigo	2022/2023

**Ciclo formativo**

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
EOC	Edificación e obra civil	CSEOC01	Proxectos de edificación	Ciclos formativos de grao superior	Réxime xeral-ordinario

**Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (\*)**

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0574	Empresa e iniciativa emprendedora	2022/2023	3	53	63

(\*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

**Profesorado responsable**

Profesorado asignado ao módulo	ISABEL RODRÍGUEZ PÉREZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

## 2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O módulo EIE, que ten como obxectivos xerais despertar no alumnado o interese polo mundo da empresa, achegalo aos instrumentos necesarios para a creación e a determinación da viabilidade da mesma.

O alumnado que acoden ao Politécnico son basicamente de Vigo e da área metropolitana. Unha zona con grandes posibilidades de crear novas empresas, pero tamén azoutada actualmente por unha profunda crise, especialmente no sector da construción e no comercio.

Pese a elo, sempre existen posibilidades de encetar novos negocios, mesmo incluso como alternativa ao desemprego existente nos sectores máis novos da poboación.

O currículo do módulo baséase no Deseño Curricular Base (DCB), establecido por decreto da Consellería de Educación. Os DCBs constitúen, por tanto, a fonte normativa na que os profesores debemos inspirarnos á hora de elaborar as nosas programacións de aula para cada módulo. Por outra banda, cómpre lembrar que os DCBs apróbanse en Galicia a partir do establecido con carácter xeral no Deseño Base de cada Título (DBT), establecido por Real Decreto emitido polo ministerio de Educación e con vixencia en toda España.

O currículo do módulo é común nos ciclos de FP Regrada, con independencia das cualificacións profesionais que se poidan adquirir coa obtención de cada título, e esta circunstancia posibilita a súa validación académica cando un alumno superou este módulo noutro ciclo formativo, xa sexa de grao medio ou superior.

### OBXECTIVOS XERAIS:

Con suxeición á normativa legal que fixa os obxectivos xerais dos ciclos formativos que se imparten no IES Politécnico de Vigo e fixan as ensinanzas mínimas, e dos establecidos nesta Programación como particulares, tendo en conta a realidade do alumnado do Politécnico, particularizados en relación cos mínimos esixidos en cada unha das Unidades Didácticas que comprende, sinálanse como obxectivos xerais do módulo de Empresa e Iniciativa Emprendedora, os seguintes:

- Que o alumnado sexa capaz de recoñecer as oportunidades de aprendizaxe e emprego, analizando as ofertas e demandas do mercado laboral para xestionar a súa carreira profesional como autónomos ou pequenos empresarios.
- Que saiban recoñecer a existencia duns dereitos tanto como empresarios ou autónomos como en calidade de traballadores, así como o marco legal no que se desenvolve a actividade económica no marco democrático.
- Que entendan a cultura emprendedora como algo positivo para a sociedade e para o éxito persoal.
- Que sexan capaces de entender o que é a unha pequena empresa e a importancia da iniciativa individual para levala adiante.
- Que sexan conscientes da importancia da viabilidade dos proxectos empresariais e do concepto de risco como algo inevitable en toda iniciativa emprendedora.
- Que entendan o concepto de empresario e os requisitos e actitudes necesarias para desenvolver unha actividade empresarial.
- Que acaden elementos de xuízo para poder determinar cal é a forma xurídica máis axeitada a cada proxecto empresarial.
- Que identifiquen as funcións básicas da empresa.
- Que identifiquen os elementos do entorno dunha pequena empresa de fabricación mecánica.
- Que sexan capaces de valorar as obrigas mercantís e fiscais de cada forma de empresa.
- Que entendan a importancia das responsabilidades dos socios en relación coas formas xurídicas que a empresa revista.
- Que saiban manexar os conceptos mínimos para determinar a viabilidade dun proxecto empresarial mediante un estudo de viabilidade.
- Que saiban da existencia de diferentes axudas para a creación de empresas na súa localidade.
- Que se doten de elementos para entender en que consiste a organización da empresa.
- Que se familiaricen coa política de obxectivos das empresas e co funcionamento das técnicas de venda.
- Que acaden elementos necesarios para xestionar eficazmente os almacéns de mercadorías e materias primas.
- Que se conciencien da importancia da calidade da produción.



- Que se doten de criterios e métodos para a xestión dos recursos humanos, con referencia particular aos contratos, obrigas laborais, remuneración e marco de relacións laborais na empresa.
- Que se familiaricen cos procedementos, mecanismos e documentos administrativos.
- Que comprendan a importancia e a obriga da levanza da contabilidade.
- Que identifiquen formas de financiamento e tesourería na empresa.
- Que entendan a importancia da iniciativa na empresa tanto dende a posición de empresario como dende a de traballador.
- Que identifiquen o alcance do concepto: ámbito de dirección e organización do empresario.

**3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha**

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Iniciativa Emprendedora	Describir que implica ser un emprendedor/a, analizar as súas características, vantaxes e inconvenientes. Saber como definir unha idea de negocio e reflectila no modelo de negocio.	7	15
2	Proyecto emprendedor	Definir e desenvolver un modelo de negocio aplicando a metodoloxía Design Thinking	10	25
3	A empresa e o contorno	Comprender que é unha empresa, as súas funcións e obxectivos. Clasificar os diferentes tipos de empresas. Analizar o contorno empresarial. Coñecer a organización humana dunha empresa. Valorar a importancia de ser unha empresa socialmente responsable.	15	10
4	Plan de operacións e comercialización	Coñecer como se desenvolve a actividade produtiva e comercial dunha empresa. Cálculo de custos e beneficios. Determinación do limiar de rendabilidade.	15	20
5	Financiamento da empresa	Describir as opcións de financiamento dunha empresa.	8	15
6	Xestión administrativa e fiscal	Familiarizarse coa documentación comercial básica que se manexa nunha empresa e coas obrigas fiscais.	8	15

#### 4. Por cada unidade didáctica

##### 4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Iniciativa Emprendedora	7

##### 4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO

##### 4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identifícase o concepto de innovación e a súa relación co progreso da sociedade e o aumento no benestar dos individuos.
CA1.2 Analízase o concepto de cultura emprendedora e a súa importancia como dinamizador do mercado laboral e fonte de benestar social.
CA1.3 Valorouse a importancia da iniciativa individual, a creatividade, a formación, a responsabilidade e a colaboración como requisitos indispensables para ter éxito na actividade emprendedora.
CA1.4 Analizáronse as características das actividades emprendedoras no sector da construción.
CA1.5 Valorouse o concepto de risco como elemento inevitable de toda actividade emprendedora.
CA1.6 Valoráronse ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación, pola creatividade e pola súa factibilidade.

##### 4.1.e) Contidos

Contidos
Innovación e desenvolvemento económico. Principais características da innovación no sector da construción (materiais, tecnoloxía, organización da produción, etc.).
A cultura emprendedora na Unión Europea, en España e en Galicia.
Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
A actuación das persoas emprendedoras no sector da construción.
O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
Valoración do traballo por conta propia como fonte de realización persoal e social.

**4.2.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
2	Proyecto emprendedor	10

**4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Desenvolve o seu espírito emprendedor identificando as capacidades asociadas a el e definindo ideas emprendedoras caracterizadas pola innovación e a creatividade.	NO

**4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA1.7 Decidiuse a partir das ideas emprendedoras unha determinada idea de negocio do ámbito de traballo do técnico superior en proxectos de edificación, dentro do sector da construción, que ha servir de punto de partida para a elaboración do proxecto empresarial
CA1.8 Analizouse a estrutura dun proxecto empresarial e valorouse a súa importancia como paso previo á creación dunha pequena empresa.

**4.2.e) Contidos**

Contidos
Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
Proxecto empresarial: importancia e utilidade, estrutura e aplicación no ámbito da edificación.

**4.3.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
3	A empresa e o contorno	15

**4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO

**4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.1 Valorouse a importancia das pequenas e medianas empresas no tecido empresarial galego.
CA2.2 Analizouse o impacto ambiental da actividade empresarial e a necesidade de introducir criterios de sustentabilidade nos principios de actuación das empresas.
CA2.3 Identificáronse os principais compoñentes do contorno xeral que rodea a empresa e, en especial, nos aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.
CA2.4 Apreciouse a influencia na actividade empresarial das relacións coa clientela, con provedores, coas administracións públicas, coas entidades financeiras e coa competencia como principais integrantes do contorno específico.
CA2.5 Determináronse os elementos do contorno xeral e específico dunha pequena ou mediana empresa dentro do sector da construción en función da súa posible localización.
CA2.6 Analizouse o fenómeno da responsabilidade social das empresas e a súa importancia como un elemento da estratexia empresarial.
CA2.7 Valorouse a importancia do balance social dunha empresa relacionada coa construción e describíronse os principais custos sociais en que incorren estas empresas, así como os beneficios sociais que producen.
CA2.8 Identificáronse, en empresas relacionadas co sector da construción, prácticas que incorporen valores éticos e sociais.
CA2.9 Definíronse os obxectivos empresariais incorporando valores éticos e sociais.
CA2.10 Analizáronse os conceptos de cultura empresarial, e de comunicación e imaxe corporativas, así como a súa relación cos obxectivos empresariais.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
<b>CA2.12.1 Elaborouse un plan de empresa que inclua a idea de negocio, localización e a responsabilidade social</b>
CA3.1 Analizouse o concepto de persoa empresaria, así como os requisitos que cómpren para desenvolver a actividade empresarial.
CA3.2 Analizáronse as formas xurídicas da empresa e determinándose as vantaxes e as desvantaxes de cada unha en relación coa súa idea de negocio.
CA3.3 Valorouse a importancia das empresas de economía social no sector da construción.
CA3.4 Especificouse o grao de responsabilidade legal das persoas propietarias da empresa en función da forma xurídica elixida.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
<b>CA3.9.1 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica e os trámites administrativos de creación e posta en marcha dunha empresa</b>

**4.3.e) Contidos**

**Contidos**

A empresa como sistema: concepto, funcións e clasificacións.

Análise do contorno xeral dunha pequena ou mediana relacionada co sector da construción: aspectos tecnolóxico, económico, social, ambiental, demográfico e cultural.

Análise do contorno específico dunha pequena ou mediana empresa relacionada co sector da construción: clientes, provedores, administracións públicas, entidades financeiras e competencia.

Localización da empresa.

A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.

Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.

Cultura empresarial, e comunicación e imaxe corporativas.

Formas xurídicas das empresas.

Responsabilidade legal do empresario.

Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.

**Plan de empresa: elección da forma xurídica e trámites administrativos para a creación e posta en marcha da empresa**



**4.4.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
4	Plan de operacións e comercialización	15

**4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Decide a oportunidade de creación dunha pequena empresa para o desenvolvemento da idea emprendedora, tras a análise da relación entre a empresa e o contorno, do proceso produtivo, da organización dos recursos humanos e dos valores culturais e éticos.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA2.11 Descríbense as actividades e os procesos básicos que se realizan nunha empresa relacionada co sector da construción, e delimitáronse as relacións de coordinación e dependencia dentro do sistema empresarial.
CA2.12 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a idea de negocio, a localización, a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios, a responsabilidade social e o plan de márketing.
<b>CA2.12.2 Elaborouse un plan de empresa que inclúa a organización do proceso produtivo e dos recursos necesarios</b>
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.

**4.4.e) Contidos**

Contidos
Actividades e procesos básicos na empresa. Organización dos recursos dispoñibles. Externalización de actividades da empresa.
Descrición dos elementos e estratexias do plan de produción e do plan de márketing.
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa do sector da construción.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

**4.5.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
5	Financiamento da empresa	8

**4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.8 Analizáronse as axudas e subvencións para a creación e posta en marcha de empresas relacionadas co sector da construción tendo en conta a súa localización.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
<b>CA3.9.2 Incluíuse no plan de empresa información relativa a axudas e subvencións disponibles para un emprendedor.</b>
CA4.1 Analizáronse os conceptos básicos de contabilidade, así como as técnicas de rexistro da información contable: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
CA4.2 Descríbense as técnicas básicas de análise da información contable, en especial no referente ao equilibrio da estrutura financeira e á solvencia, á liquidez e á rendibilidade da empresa.
CA4.5 Elaborouse o plan financeiro e analizouse a viabilidade económica e financeira do proxecto empresarial.
<b>CA4.6 Analizáronse as fontes de financiamento nunha empresa do sector da construción</b>

**4.5.e) Contidos**

Contidos
Axudas e subvencións para a creación dunha empresa relacionada co sector da construción.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
<b>Plan de empresa: xestión de axudas e subvencións</b>
Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa do sector da construción.
Concepto e nocións básicas de contabilidade: activo, pasivo, patrimonio neto, ingresos, gastos e contas anuais.
Análise da información contable: equilibrio da estrutura financeira e ratios financeiras de solvencia, liquidez e rendibilidade da empresa.
Plan financeiro: estudo da viabilidade económica e financeira.

**4.6.a) Identificación da unidade didáctica**

N.º	Título da UD	Duración
6	Xestión administrativa e fiscal	8

**4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan**

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Selecciona a forma xurídica tendo en conta as implicacións legais asociadas e o proceso para a súa constitución e posta en marcha.	NO
RA4 - Realiza actividades de xestión administrativa e financeira básica dunha pequena ou mediana empresa, identifica as principais obrigas contables e fiscais, e formaliza a documentación.	NO

**4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado**

Criterios de avaliación
CA3.5 Diferenciouse o tratamento fiscal establecido para cada forma xurídica de empresa.
CA3.6 Identificáronse os trámites esixidos pola lexislación para a constitución dunha pequena ou mediana empresa en función da súa forma xurídica.
CA3.7 Identificáronse as vías de asesoramento e xestión administrativa externas á hora de pór en marcha unha pequena ou mediana empresa.
CA3.9 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica, os trámites administrativos, as axudas e as subvencións.
<b>CA3.9.1 Incluíuse no plan de empresa información relativa á elección da forma xurídica e os trámites administrativos de creación e posta en marcha dunha empresa</b>
CA4.3 Definíronse as obrigas fiscais (declaración censual, IAE, liquidacións trimestrais, resúmenes anuais, etc.) dunha pequena e dunha mediana empresa relacionada co sector da construción, e diferenciáronse os tipos de impostos no calendario fiscal (liquidacións
CA4.4 Formalizouse con corrección, mediante procesos informáticos, a documentación básica de carácter comercial e contable (notas de pedido, albarás, facturas, recibos, cheques, obrigas de pagamento e letras de cambio) para unha pequena e unha mediana empresa d

**4.6.e) Contidos**

Contidos
A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
Proceso administrativo de constitución e posta en marcha dunha empresa.
Vías de asesoramento para a elaboración dun proxecto empresarial e para a posta en marcha da empresa.
Plan de empresa: elección da forma xurídica, trámites administrativos, e xestión de axudas e subvencións.
<b>Plan de empresa: elección da forma xurídica e trámites administrativos para a creación e posta en marcha da empresa</b>
Obrigas fiscais dunha pequena e dunha mediana empresa.
Ciclo de xestión administrativa nunha empresa relacionada co sector da construción: documentos administrativos e documentos de pagamento.
Coidado na elaboración da documentación administrativo-financeira.

## 5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

### INICIATIVA EMPRENDEDORA - PROXECTO EMPRENDEDOR:

- Innovación e desenvolvemento económico.
- Factores clave das persoas emprendedoras: iniciativa, creatividade, formación, responsabilidade e colaboración.
- O risco como factor inherente á actividade emprendedora.
- Ideas emprendedoras: fontes de ideas, maduración e avaliación destas.
- Proxecto emprendedor: metodoloxía Design Thinking.

### A EMPRESA E O SEU CONTORNO:

- A empresa como sistema: concepto, funcións e obxectivos.
- Criterios de clasificación dunha empresa.
- Análise do contorno dunha empresa.
- Criterios de localización da empresa.
- A persoa empresaria. Requisitos para o exercicio da actividade empresarial.
- Responsabilidade social da empresa e compromiso co desenvolvemento sustentable.
- Imaxe corporativa da empresa
- Plan de operacións: actividades e procesos básicos na empresa.
- Plan comercial: descrición dos elementos e estratexias do plan de marketing

### CREACIÓN E POSTA EN MARCHA DUNHA EMPRESA

- Formas xurídicas das empresas.
- Responsabilidade legal do empresario/a.
- A fiscalidade da empresa como variable para a elección da forma xurídica.
- Elección da forma xurídica, trámites administrativos e xestión de axudas e subvencións.

### FUNCIÓN ADMINISTRATIVA:

- Análise das necesidades de investimento e das fontes de financiamento dunha pequena e dunha mediana empresa do sector da construción.
- Concepto e nocións básicas de contabilidade
- Estudo da viabilidade económica
- Obrigas fiscais dunha peme.
- Ciclo de xestión administrativa dunha peme do sector da construción

### CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

PROBAS ESCRITA/ORAL onde o alumnado reflectirá os contidos adquiridos. As probas terán unha duración máxima de 100 minutos (2 sesións) e

van orientadas a que o alumnado razoe sobre os contidos adquiridos. As probas terán un contido teórico-práctico na medida en que o permita a materia impartida. Os criterios que se van a seguir no momento de corrixir os exames son os seguintes:

- Con CARÁCTER XERAL, o alumnado deberá coidar a presentación, orde e claridade nas respostas así como a necesidade de empregar con propiedade o vocabulario propio da materia e de evitar erros ortográficos. Unha mala presentación no exame ou faltas de ortografía (máis de 5 faltas) poderá descontar como máximo 0,5 puntos na nota da proba.

- Nas PREGUNTAS CURTAS valorarase especialmente a precisión e concisión na resposta; é dicir, contestar ao que se pregunta. A falta de xustificación ou dun exemplo nos casos nos que se pida considerácese como resposta incompleta e baixarase a puntuación.

- Nas PREGUNTAS DE DESENVOLVEMENTO, ademais de considerar a medida en que se axusta ao contido da resposta ao que se pregunta, a valoración se graduará atendendo á claridade expositiva e á utilización adecuada dos conceptos fundamentais. Tamén se valorará positivamente a elaboración dun esquema guión no que se resume o contido da resposta.

- Nas PREGUNTAS TIPO TEST, se houbera, as respostas incorrectas terán unha valoración negativa. Como ferramenta pódese utilizar a plataforma Moodle. Todo o alumando terá as mesmas cuestións pero ordenadas de xeito aleatorio. As preguntas do cuestionario serán contestadas de forma secuencial non podendo volver atrás.

- Na cualificación dos PROBLEMAS, en caso de habelos, en cada un dos apartados terase en conta no só o resultado senon tamén o correcto desenvolvemento incluíndo as fórmulas empregadas e as unidades correspondentes aos cálculos realizados. Se nun problema só se indica o resultado final non será valorado aínda que sexa correcto. Ademais, cada un dos apartados valorarse de xeito independente, de modo que se está ben planteado, a puntuación dese apartado non será influída negativamente por cálculos erróneos que foran realizados en apartados anteriores. Para a realización dos cálculos permitírase o emprego dunha calculadora sinxela.

Se un/ha alumno/a non pode asistir a un exame porque a data fixada para o mesmo coincide cun deber inescusable de carácter público e persoal, terá que xustificar debidamente a súa ausencia con algún documento oficial (parte do médico, asistencia a outro exame de carácter oficial) non sendo válidos os xustificantes asinados polos pais/nais en caso de menores de idade. Se está debidamente xustificado a profesora fixará outra data para a realización do exame.

Durante a realización das probas non se poderán empregar móbiles, tablets, reloxos intelixentes ou outros dispositivos semellantes, debendo estes permanecer apagados ou en modo silencio. Devanditos dispositivos deberán permanecer nun lugar visible pola profesora durante a realización da proba.

En cada avaliación realizarase unha única proba. Na devandita proba o alumnado deberá obter como mínimo un 4,5 e suporá 70% da nota do módulo. Se o/a alumno/a non supera a nota mínima indicada terá que realizar unha proba de recuperación da/s avaliación/s suspensa/s no mes de marzo.

LISTAS DE COTEXO baseadas na revisión dos traballos realizados polo alumnado tanto no aula como en casa tendo en conta os seguintes aspectos:

Propoñeranse actividades baseadas en CUESTIONARIOS DE PREGUNTAS BREVES para comprobar a adquisición dos novos contidos. Esta actividade realizarase de xeito individual no prazo indicado a través de Moodle podendo o alumnado preguntar todas as dúbidas que lle vaian xurdindo.

Nalgunhas unidades propoñeranse cuestionarios tipo TEST. Os cuestionarios realizaranse a través do aula virtual tendo en conta os seguintes

aspectos:

- ¿ Deben ser realizados no horario indicado pola profesora de xeito individual.
- ¿ O tempo será limitado e só admítase un intento.
- ¿ Propoñerase o mesmo cuestionario para todo o alumnado pero as preguntas serán visualizadas en diferente orde de forma aleatoria.
- ¿ Cada pregunta será contestada de xeito secuencial sen posibilidade de volver atrás.
- ¿ Soamente haberá unha resposta correcta.
- ¿ As preguntas contestadas de forma incorrecta serán valoradas negativamente.
- ¿ O test cualificarase de 0 a 10 puntos.

Como consolidación da adquisición dos novos contidos o alumnado ten que desenvolver un PROXECTO EMPRENDEDOR en equipos. Para evitar o contacto entre o alumnado sen respectar a distancia social recomendada e demais protocolos teranse en conta os seguintes aspectos:

- ¿ Formaranse equipos de 3/4 persoas.
- ¿ Nas clases presenciais o alumnado traballará desde o seu posto respectando a distancia social. No caso de clases non presenciais o traballo desenvolverase principalmente no horario asignado ao módulo. A profesora contestará a tódalas dúbidas que poidan xurdir a través do correo electrónico ou mensaxes/foro no aula virtual.
- ¿ A comunicación entre os membros do equipo establecerase mediante correo electrónico ou mensaxes a través de aula virtual.
- ¿ Cada equipo creará unha carpeta compartida para gardar a información dos casos prácticos.
- ¿ Os traballos serán entregados a través do aula virtual no prazo indicado en formato PDF. Os traballos entregados fora de prazo non se revisarán ni cualificarán agás motivo debidamente xustificado.
- ¿ A profesora valorará a implicación e compromiso de cada membro del equipo. En caso de falta de asistencia e/ou colaboración dalgún/ha alumno/a, a profesora esixiralle que presente o traballo de xeito individual.
- ¿ Emprego de ferramentas dixitais para a elaboración das tarefas propostas (Powtoon, Genially, Canva, Prezi, Wix...
- ¿ Para a cualificación do traballo terase en conta o seu contido ata un máximo de 8 puntos. Para unha valoración positiva pídese aplicar a metodoloxía Design Thinking identificando un problema ou necesidade no mercado e ofrecendo unha solución orixinal e creativa.
- ¿ Ademais, valorase de forma positiva a presentación del traballo empregando ferramentas dixitais.

Da información recollida pola docente nas LISTAS DE COTEXO calcularase a nota media dos cuestionarios individuais realizados ao longo de cada avaliación e suporá un 60% da nota de traballos mentres que o Proxecto Emprendedor representará un 40%. A cualificación así obtida suporá o 30% da nota do módulo en cada avaliación.

A nota final do módulo obterase mediante a media aritmética das calificación acadadas en cada unha das avaliación seguindo os criterios establecidos e explicados neste apartado da programación. Para superar o módulo o alumnado deberá obter unha cualificación mínima de 5.

#### ALUMNADO FP DUAL

O alumnado que estea a realizar FP DUAL disporá dun plan de formación individualizado que será instrumento que permita realizar o seguimento da formación do alumnado e facilitará a súa avaliación.

O/a titor/a da empresa, ao finalizar a actividade formativa incluírá un informe individualizado do módulo en termos de "favorable" ou "non favorable".

Sen embargo, como a responsabilidade de avaliación do módulo corresponde a profesora que o imparte no centro educativo, o alumnado terá que facer unha PROBA ESCRITA para valorar o grao de consecución dos resultados de aprendizaxe establecidos no plan de formación individualizado

segundo os criterios de avaliación fixados. Ademais, o alumnado de FP DUAL deberá presentar o seu PROXECTO EMPRENDEDOR de forma individual previo a súa avaliación.

## **6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas**

### **6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación**

Ao final da 2ª avaliación (previo a FCT) realizarase unha proba escrita para o alumnado que teña algunha/s avaliación/s suspensa/s. Dita proba poderá estar dividida en bloques e o alumnado terá que acadar unha nota mínima do 40% da puntuación asignada a cada un deles. A calificación mínima na proba será un 4,5 para poder superala.

A data da proba será publicada na aula virtual e no taboleiro da aula.

Con independencia do sinalado, a profesora poderá recomendar a realización de actividades de reforzo ao alumnado con dificultades de aprendizaxe na materia.

Terase en conta a proba escrita xunto coas tarefas realizadas ao longo do curso incluído o proxecto emprendedor. Para determinar a cualificación final do módulo se seguirán os criterios de cualificación indicados no apartado 5.

### **6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

O alumnado que acumule un número de faltas de asistencia non xustificadas superior ao 10% das sesións de clase, perderá o dereito a avaliación continua. Neste módulo o número de faltas non xustificadas son 7 sesións.

Os instrumentos que se empregarán para avaliar a este alumnado son:

- Unha única proba escrita de todo o contido impartido ao longo do curso. Dita proba poderá estar dividida en bloques e o alumnado terá que acadar unha nota mínima do 40% da puntuación asignada a cada un deles. A calificación mínima na proba será un 4,5 para poder superala.

- Dita proba poderá realizarse no mes de marzo (final da 2ª avaliación previo á FCT) ou no mes de xuño a elección do alumnado. As datas das probas serán publicadas na aula virtual, no taboleiro da propia aula e do centro.

- Se o/a alumno/a decide presentarse en marzo e non supera a proba non terá dereito a presentarse no mes de xuño. Neste caso, terá que matricularse novamente do módulo no seguinte curso.

- O alumnado que opte por presentarse en xuño terá dereito a clases de recuperación no período de marzo a xuño.

- En ámbolos dous casos, o alumnado terá que entregar de xeito obrigatorio os traballos propostos pola profesora incluíndo o Proxecto Emprendedor. Ditos traballos poderán dispoñibles na aula virtual para a súa entrega nos prazos indicados.

- Para determinar a NOTA FINAL DO MÓDULO teranse en conta os mesmos criterios de cualificación xa explicados no apartado 5 desta programación.

O alumnado con perda de avaliación continua pode seguir asistindo a clases e presentar todos os traballos propostos para a súa cualificación pero

non se terán en conta ata o momento en que se presente a proba. Todos os traballos terán que ser presentados de xeito individual.

## 7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A Programación, como guía do proceso de ensino aprendizaxe no período dun curso académico e como garantía para o alumnado, debe ser cumprida integramente.

Sen embargo, como elemento vivo que é, estará sometida a adaptacións no tempo e nos contidos que, ao longo dos anos irán dando a medida das correccións que se deban introducir para que cumpra mellor a súa función.

No caso de establecer modificacións, estas deben ser recollidas e posteriormente incorporadas á Memoria de Fin de Curso.

Algúns dos aspectos que o profesor deberá considerar na autoavaliación da práctica docente son:

- Organización e coordinación co profesorado do ciclo formativo.
- Adecuación do grao de dificultade das actividades ás características do alumnado.
- Grao de motivación dos alumnos nas actividades propostas polaprosesora.
- Planificación das tarefas: distribución e dotación de medios e tempos.
- Ambiente de traballo, relación entre os alumnos, e entre alumnado e a profesora.
- TICs: uso e manexo por parte do alumnado e da profesora
- Habilidades de comunicación verbal e non verbal na transmisión dos contidos.
- Claridade na presentación dos contidos nos medios audiovisuais empregados.

Como instrumentos para avaliar a práctica docente poderanse utilizar:

- Cuestionarios anónimos
- Informes dos traballos en equipo.
- Notas recollidas na realización de tarefas.
- Entrevistas con alumnado e profesorado.
- Debates.
- Resultados do proceso de aprendizaxe nas avaliacións trimestrais e na final.

## 8. Medidas de atención á diversidade

### 8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Distínguense tres momentos clave no proceso de avaliación do alumnado:

- A inicial, que se realiza ao comezo do curso e ao inicio de cada unidade didáctica.
- A formativa ou continua, a levar a cabo ao longo de todo o proceso de ensino aprendizaxe.



- A final, ao final do curso, resultado da suma das valoracións parciais levadas a cabo durante a avaliación continua

#### AVALIACIÓN INICIAL

A avaliación inicial ten como obxectivo identificar os coñecementos, destrezas e competencias previas coas que conta o alumnado antes de comezar a traballar os contidos do módulo. Consideraranse os estudos previos, a experiencia profesional e as vivencias en relación aos contidos de cada Unidade.

Ao comezo do curso, no momento de cubrir as fichas persoais do alumnado, realizarase unha valoración de cada un deles, a partir dos datos académicos e de experiencia profesional, que facilite ao docente. O docente coordinarase co titor/a do curso anterior e con outros profesorado que traballen co grupo para recoller información sobre os coñecementos previos do alumnado.

Valorará a información dos informes individualizados de avaliación da etapa anteriormente cursada e consultará co departamento de Orientación en caso de detectar alumnado con necesidades educativas especiais ou que requiran apoio educativo específico.

En cada Unidade Didáctica detectarase o nivel de coñecementos do alumnado a respecto da materia a impartir, téndoo en conta para adecuar os medios didácticos a utilizar.

#### **8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados**

Cómpre que calquera alumno ou alumna poida acadar os resultados de aprendizaxe do módulo, adoptando medidas de reforzo e apoio, pero sen que estas afecten, de forma significativa, á consecución dos resultados de aprendizaxe previstos para cada un dos módulos profesionais.

A diversidade preséntase no ámbito da formación en múltiples formas e vén expresada por unha serie circunstancias, tales como: coñecementos previos e experiencias persoais e laborais, motivacións e expectativas ante o aprendizaxe, interese persoais, profesionais e vocacionais, capacidades xerais ou diferenciadas, ritmos de traballo e de aprendizaxe, situacións persoais e familiares, habilidades e destrezas desenvolvidas, orixe nacional ou étnico diferenciador, contorna socioeconómica do lugar de residencia, discapacidades físicas, psíquicas e/ou sensoriais ou sobre dotación intelectual, entre outras.

Debemos contemplar a diversidade como fonte de oportunidades e de riqueza, centrándonos en adecuar os diversos aspectos metodolóxicos ás singularidades do noso alumnado.

Será preciso realizar unha avaliación inicial, coa amplitude que se considere necesaria, coa colaboración do departamento de orientación, para detectar ao alumnado con necesidades educativas especiais e as súas demandas específicas.

Tomando en consideración o establecido pola LOE e polo Decreto 114/2010 respecto á atención á diversidade, cómpre facer unha breve referencia á serie de medidas que teríamos en conta na atención a este tipo de alumnado:

- Medidas de acceso ao currículo para alumnos con deficiencias sensoriais ou físicas: entrega do material cun tamaño de fonte máis grande ou en soporte informático; permitirles realizar exercicios, supostos e exames co emprego do ordenador e ferramentas informáticas.
- Agrupamentos: á hora de traballar en equipo, estes serán formados por alumnos con diversidade de competencias e motivacións, coa fin de que os alumnos se axuden entre si
- Adaptacións curriculares non significativas para aqueles alumnos con necesidades educativas especiais, co asesoramento do departamento de orientación e sen que afecten aos elementos pre-ceptivos do currículo.

- Actividades de ampliación e de investigación para aqueles alumnos que presenten un rendemento académico moi superior o resto do grupo: emprego das TICs e fomento da busca autónoma de información para resolver supostos e analizar a realidade sociolaboral.
- Medidas de reforzo educativo, tales como actividades graduadas segundo diferentes niveis, garantindo sempre a adquisición dos contidos mínimos; modificación da localización do alumno en clase; repetición individualizada dalgunhas explicacións ou potenciación da participación do alumno e a consecución de pequenos logros como elementos de motivación.

A experiencia dos últimos anos non vén indicando a necesidade de medidas especiais de atención á diversidade, máis alá dalgunha diferenza idiomática, en relación coa fala propia, isto é o galego, por parte de alumnado que procedía de países estranxeiros, de fala castelá. Tales diferenzas foron sempre resoltas acomodando puntualmente o vehículo de comunicación ás dificultades do alumno ou alumna e procurando espertar nel o interese e a apreciación do idioma galego.

## 9. Aspectos transversais

### 9.a) Programación da educación en valores

A LOE contempla na súa relación de principios da educación, a transmisión daqueles valores que favorecen a liberdade persoal, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia, a igualdade, o respecto e a xustiza, que constitúen a base da vida en común.

Con esta referencia legal, debemos programar unha serie de temas e contidos a traballar de forma transversal a medida que imos abordando as distintas unidades didácticas do módulo. Deste xeito, procuraremos destacar uns determinados valores de forma simultánea a transmisión de coñecementos.

Con cada unha das conmemoracións establecidas no Calendario Escolar, o profesor ou profesora, poderá programar puntualmente actividades, temas ou charlas que, en colaboración coas establecidas pola Dirección do Instituto, contribúan a lograr os obxectivos marcados en relación coas mesmas.

Prestarase especial atención á celebración da Constitución, ao Día 1º de Maio, Día do Consumidor, Saúde, Europa, Medio Ambiente e Letras Galegas.

Algúns destes valores que deben ser transmitidos de forma transversal:

Día do emprendedor, prestarase atención á celebración de actos na localidade organizados por entidades empresariais, cámara de Comercio, Asociacións de emprendedores, etc, para fomentar o encontro con persoas dedicadas ao mundo do negocio, que poidan transmitir experiencias no campo da creación de empresas.

Educación ambiental, relacionada coas cuestións de desenvolvemento respectuoso co medio, xa que é preciso sensibilizar ao alumnado respecto á necesidade de empregar materiais e sistemas inocuos, de cara á favorecer unha protección do medio e un aumento nos niveis de calidade e seguridade.

Educación para a Saúde, presente en todos os ámbitos da vida: fabricar produtos sans, importancia dunha dieta san e equilibrada, valoración positiva do exercicio físico e do deporte, potenciación da protección ante as enfermidades de transmisión sexual, embarazos non desexados, tabaquismo, etc.

Igualdade de oportunidades / Rexeitamento do Sexismo / Multiculturalidade: fomentar unha posición actitudinal axeitada, ao longo de todo o curso,

transmitindo a importancia de respectar ao outro con independencia da súa orixe, sexo, raza, orientación sexual, ideoloxía, relixión, etc. Así como valorar a diversidade cultural e humana como fonte de riqueza e non de conflito.

### **9.b) Actividades complementarias e extraescolares**

Para o presente curso preténdese realizar, como vén sendo habitual en cursos pasados, algunhas actividades que acheguen o alumnado ao mundo da empresa.

Neste sentido, poderán ser organizadas polo profesor ou profesora, en colaboración do Departamento de FOL e a Dirección do Centro, actividades complementarias tales como:

Charlas de fomento da iniciativa emprendedora.

Charla co responsable da algunha entidade financeira.

Visita a algún viveiro de empresa de CIFP do contorno.

Igualmente procurarase a participación nas actividades extraescolares organizadas polo centro e que deben figurar na programación xeral anual, aprobada polo Consello Escolar para realizar fóra de horario lectivo e de forma voluntaria, en colaboración coa Dirección e outros Departamentos. En particular naquelas que estean máis relacionadas co módulo de EIE, tales como: visita a feiras de produtos novedosos, que se organicen na comunidade galega ou fóra dela, sempre que exista orzamento para organizar os desprazamentos.

## **10. Outros apartados**

### **10.1) INFORMACIÓN PROGRAMACIÓN**

Ao comezo do curso o alumnado será informado da presente programación, e do número de unidades de que consta, así como dos contidos de cada unha delas e do material a empregar para a súa preparación e que está dispoñible na aula virtual do módulo.

A programación será colgada na Aula Virtual para que estea a disposición do alumnado e na páxina web do centro.